



# NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (NOFC)

## REGULACIÓN DA ACTIVIDADE ACADÉMICA

(elaboración: grupo de traballo interno/Cefore)

### 2. DOS PROFESORES

#### 2.1. Puntualidade

##### Referencia legal:

- 2.1.1. Os profesores procurarán extremar a puntualidade para entrar en clase e moi especialmente a primeira hora e despois do *recreo*. O cambio de clase na ESO efectuarase automaticamente co intervalo mínimo, cooperando os conserxes coa súa presenza nos corredores no mantemento do orden e bo estado dos espazos comúns.
- 2.1.2. En caso de atrasos previsibles a clases o gardas, avisarán a Xefatura de Estudos e/ou Conserxería para facilitar a labor dos alumnos e dos restantes docentes.

#### 2.2. Asistencia

##### Referencia legal:

- 2.2.1. Os profesores procurarán xustificar, sempre por adiantado a Dirección ou Xefatura de Estudos do Centro, as faltas de asistencia mediante impreso oficial do Centro o que poderían achegar certificacións complementarias.
- 2.2.2. As faltas de asistencia de profesores, a clases ou gardas, anotaranse no Libro de Gardas da Sala de profesores, no que Xefatura de Estudos sinalaría as faltas que lle comunicaran previamente.
- 2.2.3. En caso de ausencias previsibles deixarán material e indicacións adecuadas para que os alumnos poidan aproveitar as horas que correspondan facilitando, igualmente, o labor dos profesores de guarda.
- 2.2.4. Ante imprevistos, xurdidos en horario non lectivo, cubrirían o modelo oficial de xustificación de faltas no prazo dos tres días lectivos seguintes.
- 2.2.5. Os imprevistos que se presenten durante a estancia do profesor no Centro comunicaranse a Xefatura de Estudos que coordinaría a xustificación cos profesores de guarda.
- 2.2.6. De acordo a normativa vixente, a Dirección remitirá á Inspección de Educación o parte de faltas mensual, unha das copias exporase na Sala de Profesores, arquivándose outra no Centro.



## 2.3. Gardas

### 2.3.1. Gardas de Aula

#### **MATERIAL a súa disposición en la Sala de profesores**

- a) *Libro de Gardas*
- b) *Horarios individuais de profesores por Departamentos*
- c) *Horarios de grupos*
- d) Distribución de desdobres e aulas especiais

#### **FUNCIÓNS**

1. En canto toque o timbre comezará a súa función, procurando que no cambio de clase haxa orden nos corredores e aulas, en tanto non se incorporen os profesores.
2. Observará, previamente, se no *libro de gardas* aparece prevista a ausencia ou atraso de algún profesor e, comprobada a súa ausencia, firmará e dirixirase ó aula correspondente onde permanecerá.
3. En ausencia dun profesor, ocuparase de atender ó grupo. Anotará as ausencias no *parte de clase* e firmará como *Profesor de garda*. A continuación, orientará as actividades dos alumnos, coordinando o traballo encargado polo profesor ausente, en caso previsible, e, en todo caso, esixindo dos alumnos un aproveitamento individual da sesión como hora de estudio en silencio.
4. Se coinciden varias ausencias e os profesores de garda resultaren insuficientes para atender a tódolos grupos avisarase, con celeridade, a Xefatura de Estudos ou a algún integrante do Equipo Directivo a quen corresponderá ordenar a situación.
5. En caso de máis profesores de guarda que grupos sen profesor, os de garda poderán actuar da forma que sigue:
  - 5.1. Acordar que un profesor se encargue de cada grupo durante toda a hora, rotando en sucesivas ocasións.
  - 5.2. Repartir entre 2 profesores a hora de garda. En ese caso, firmarán ambos o *parte de clase* e faranse responsables de que a súa alternancia non altere o silencio e traballo dos alumnos.
6. Ante unha indisposición ou accidente actuarán segundo as pautas seguintes:
  - 6.1. En caso leve farase cargo do alumno podendo solicitar a colaboración de Conserxería, na que existe unha *caixa de urxencias*.
  - 6.2. Se aprecia gravidade posible, o comunicará, urxentemente, a Xefatura de Estudos, onde se establecerá contacto cos pais ou titores do alumno e, si se estima adecuado, se lle trasladará, en taxi ou ambulancia ó *Hospital Xeral, Clínica Concheiro, Perpetuo Socorro* ou entidade médica que indiquen os seus pais, permanecendo o alumno acompañado ata que se presente os familiares do alumno.

En este caso, o Xefe de Estudos, *Profesor de Garda* ou outro persoal desprazado ó centro de saúde chamará ó Instituto para informar da situación.
7. Dado que as gardas son horas de permanencia obrigatoria e en previsión de calquera incidencia, é preciso que os *profesores de garda* non abandonen o Centro antes de finalizar a hora, excepto a última hora, con coñecemento de Xefatura de Estudos.



### **2.3.2. Gardas de *Recreo***

- 2.3.1. Procurarase que haxa, polo menos, 2 profesores de 1º Ciclo e 2 de 2º ciclo/Bacharelato.
- 2.3.2. A garda, que dura todo o tempo de *recreo*, afecta a todo o Centro, non só ás aulas. Tamén a laboratorios e ximnasio, biblioteca, cafetería e áreas de expansión, vixiando e advertindo ó Equipo Directivo da posible presenza de persoas alleas ó Centro na inmediatez do recinto.
- 2.3.3. Os profesores de garda, ante situacións de indisposición ou accidente, actuarán de forma semellante o prevista para as gardas de clase.
- 2.3.4. Advertirán ós alumnos da inconveniencia de comer ou beber nas aulas e corredores correspondentes.
- 2.3.5. Coidarán que os alumnos se comporten educadamente e sen violencia oral ou física nin en xogos de risco, reconvindo calquera comportamento incívico e notificando posteriormente a Xefatura de Estudos para a súa corrección.
- 2.3.6. En caso de mal tempo permitirán o acceso dos alumnos ás dependencias cubertas, encargándose alí da súa vixilancia.

#### 1º CICLO ESO

1. As gardas de *recreo*, de especial transcendencia no 1º ciclo, estarán a cargo dos mestres/prof. de secundaria, podendo completarse o cadro horario cos restantes profesores, preferentemente aqueles que, en ese curso académico, impartan materias en 1º/2º ESO, polo seu maior coñecemento de estes alumnos.
2. A súa función empeza cando toque o timbre de recreo debendo coordinar o traslado dos alumnos o Pavillón de Deportes e zonas anexas. Permitirán o acceso rápido dos alumnos a cafetería e, posteriormente, non permitirán o paso o edificio soamente de forma ordenada para ir ós servizos ou outra incidencia comprobada.

#### 2º CICLO ESO/BACHARELATO

1. Os profesores de garda coidaran que se respecten as normas establecidas referentes o tabaco e a permanencia dos alumnos no recinto.

### **2.3.3. Gardas de Biblioteca**

1. A primeira hora da mañá e da tarde un dos profesores de garda, senón houberse varias aulas que atender, baixara a biblioteca escolar onde permanecerá toda a sesión, encargándose do estudo, en silencio, dos alumnos que chegaran tarde. Cubrirá o parte específico de biblioteca que entregará en conserxería o rematar a hora.
2. Só excepcionalmente e se algún grupo reducido de alumnos debe permanecer na biblioteca escolar, durante unha clase, realizando algunha actividade, o profesor que os remita deberá advertilo a un profesor de garda quen baixaría a biblioteca encargándose do seu control durante a hora.